

Modificación réxime de asignación aos grupos políticos municipais

ANUNCIO

En sesión celebrada polo Pleno da Corporación o día 24 de abril de 2025 adoptouse o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Modificar o acordo adoptado polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o pasado 7 de xullo de 2023 relativo ao establecemento e regulación das asignacións económicas para os grupos políticos municipais, quedando redactado como segue:

Establecer unha asignación económica destinada ao financiamento dos gastos de funcionamento de cada grupo político da Corporación dunha cantidade cun compoñente fixo mensual de 250 €, e un compoñente variable de 75 € mensuais por cada concelleiro que integre cada un dos devanditos grupos, que se liquidará no prazo máximo dun mes dende a preceptiva xustificación dos gastos executados. Esta xustificación deberá realizarse cunha periodicidade mínima semestral e máxima mensual a través de memoria subscrita polo seu portavoz descritiva dos gastos por importes e conceptos, explicando a relación dos mesmos co funcionamento do Grupo Político Municipal e acompañada de facturas orixinais ou copias cotexadas emitidas a nome do grupo.

Os grupos políticos poderán realizar achegas aos partidos políticos con cargo á asignación que lles corresponda. Os gastos deben facer referencia a servizos prestados polo partido ao grupo político vencellados ao funcionamento deste. Xustificaranse de acordo co previsto no parágrafo anterior e en todo caso con achega das facturas xustificativas do gasto emitidas a nome do partido.

A solicitude do grupo as achegas poden ser anticipadas por semestres naturais, debendo ser xustificadas nos termos previstos no presente acordo no prazo de 1 mes dende a finalización do dito período. En caso de que a achega non sexa debidamente xustificada procederá a tramitación do reintegro da mesma. Non se realizarán novos anticipos en tanto non estea aprobada a xustificación da entrega anterior.

Estas cantidades non poderán destinarse ao pago de remuneracións de persoal de calquera tipo ao servizo da corporación ou á adquisición de bens que podan constituír activos fixos de carácter patrimonial e os grupos políticos deberán levar unha contabilidade específica da dotación económica, que porán a disposición do Pleno da Corporación, sempre que este o pida.

SEGUNDO.- Que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios da Corporación e na páxina web do Concello, para que sexan de xeral coñecemento

Sada, a 25 de abril de 2025

O alcalde

Oscar Benito Portela Fernández